

OS COTOS

XANEIRO
2024



2024

UN AÑO DE ESPERANZA

- Este 2024 que estamos a comezar queremos que sexa:
- + unha oportunidade para que a paz sexa moito máis que unha palabra
 - + unha oportunidade para seguir medrando no ser comunidade máis alá do que lle ocupa a cada quen
 - + unha oportunidade para dar unha man facendo máis levadeira a vida dos veciños
 - + unha oportunidade para intentar entender aos demais antes de criticalos
 - + unha oportunidade para poñernos no lugar dos outros antes de menosprezar as súas vidas
 - + unha oportunidade para tratar mellor a natureza porque as xeracións vindeiras a merecen
 - + unha oportunidade para facer medrar os nosos dons facéndonos cribles nas pequenas cousas de cada día
 - + unha oportunidade para aproveitar cada ocasión de encontro agradecendo o bo facer de cada quen
 - + unha oportunidade para dar exemplo dunha fe adulta e comprometida que non se contenta con rutinas.

ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos, axudamos a quen nos pida unha man. Estamos no local da casa reitoral de Fornelos os xoves día 11 e 25 de dez a doce da mañá.



215 Folla
informativa para
a comunidade
 cristiá

"Un contiño para vivir""O astronauta"

Un home cumpriu o seu soño de viaxar á Lúa, pero durante o alunizaxe, a nave avariou sen remedio.



El sempre tivera o desexo de ir ata alí, pero atopouse con que non podía regresar á Terra, e quedáballe só oxíxeno para tres días.

Nese tempo era imposible que puideran mandarlle outra nave para recollelo ou traerlle máis oxixeno.

O astronauta soubo entón, por primeira vez na súa vida, que era exactamente o que quería: Volver á casa e estar na Terra para levar alí unha vida sinxela e feliz.

Tivo que viaxar ata a Lúa para valorar algo que tiña moi cerca.

Atopa o can



SANTO PARA O MES, en xaneiro, o día 26: PAULO

Nome de orixe latina que significa "pequeno, miúdo".

A conversión de San Paulo está relatada no capítulo 9 do libro dos feitos dos apóstolos, e celébrase o 26 de xaneiro.

Antes da súa conversión ao cristianismo perseguía a todos os que seguían a Xesús. Trala súa súbita conversión no camiño de Damasco, Saulo de Tarso adoptou o nome de Paulo.

Un día mentres se dirixía a Damasco para levar a cabo esta misión, envolveuno de repente un resplandor do ceo, caeu do cabalo e oíu a voz do mismísimo Xesús, momento en que se fixo cristián, chegando a ser un dos máis importantes apóstolos.

Pregou o evanxeo en Tarragona, Asia Menor, Creta, Macedonia e Grecia. Morreu mártir por decapitación en Roma o ano 67.

CONSELLO

Os nenos son como as estrelas.

Nunca hai demasiadas

Teresa de Calcuta



2024



Comezamos un ano novo, 2024, poderíamos dicir que temos por diante 365 días para facer cousas novas.

Tamén podemos facer unha valoración de noso ano 2023 e ver en que poderíamos mellorar ou cambiar cousas que non fixemos ben.

Sempre dicimos que imos a facer isto e aquilo, despois aburrímonos e non facemos nada ou non temos o tempo necesario para facelo ou non queremos facelo...

Temos que botar unha ollada a atrás e lembrar o tempo de advento no que nos preparabamos para recibir o nacemento de Xesús, tecendo paz, tecendo dignidade e respecto, tecendo diálogo e tecendo compromiso.

*Moito e bo
quedou
por facer*



Con eses fíos podemos tecer os nosos compromisos para este ano 2024 na nosa comunidade de Os Cotos:



- Paz entre os que nos rodean.
- Dignidade e respecto a toda a xente que necesita unha man.
- Diálogo entre nós, entre as nosas parroquias.
- Compromiso con todo o que facemos e con quen o facemos.

Podemos ampliar os nosos compromisos e tratar de cumprilos.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XANEIRO

DÍA 7	LECTURA	Feit 10, 34-38	Deus non fai distinción de persoas
	EVANXEO	Mc 1, 7-11	Xoán bautizou a Xesús no río Xordán
DÍA 14	LECTURA	1 Sam 3, 3b-10.19	Fala Señor que o teu servo escoita
	EVANXEO	Xn 1, 35-42	Viron onde paraba e quedaron con El aquel día
DÍA 21	LECTURA	Xon 3, 1-5.10	Convertéronse do seu mal camiño
	EVANXEO	Mc 1, 14-20	Crede no Evanxeo, seguídeme e facede ben
DÍA 28	LECTURA	Deut 18, 15-20	Porei as miñas palabras na súa boca
	EVANXEO	Mc 1, 21-28	A súa sona espallouse por toda a comarca